# *Traballo por proxectos e Biblioteca escolar*

***Santiago de compostela, 17/11/2014***



*Cristina Novoa*

*crisnovoa@gmail.com*

CEIP Mestres Goldar, Vigo

- Áprendizaxe Basada en Proxectos (ABP) e Biblioteca escolar.
- “Alfabetizacións múltiples” e competencia informacional
- Propostas on line en relación con estas temáticas
- Acceso a proxectos de calidade
- Deseño dun proxecto “para o meu centro”
- Traballo en equipo
- Mediación experta

Proxecto do curso:

Deseño e (de ser posible), posta en marcha dun Proxecto Documental Integrado ou proxecto de carácter interdisciplinar coa intervención da biblioteca escolar e un ou varios departamentos/cilos/niveis no centro de referencia.




[Recursos para infografía]


Ensino coma sempre?
OU
...ensino coma nunca?
TORMENTA DE IDEAS
para traballar por proxectos.


COMA case SEMPRE!
Utilizo o libro de texto coma única fonte de información.
Abuso das explicacións. Síntome mal se non explico todos os contidos.
Pregunto sempre aos mesmos alumn@s porque non espero case nada dos demais.
Poño exercicios para repasar o explicado ou lido na clase.
Cadaquén fai os seus exercicios e se corrixen en gran grupo.
Utilizo as TIC como apoio ás miñas explicacións.
O exame é o máis importante. Os traballos son só para subir nota.
Sempre penso na programación!
COMA case NUNCA!
Deixo de estar tan obsesionado co temario. Propoño unha situación da programación que plantexe un reto e averiguo que saben
Delimito as preguntas chave. Propoño ligazóns e documentos que serán consultados en grupos previamente conformados.
Non explico en exceso. Solvento dúbidas e poño moita atención en observar os grupos colaborativos e distribuir moi ben os roles
Día a día os grupos anotan os seus progresos no avance das preguntas chave. Incorporan vocabulario e conceptos importantes.
As TIC son fundamentais para a investigación. É o alumnado quen elabora documentos utilizando estas ferramentas. Non me limito a mostrar es que eu fago.
Deixo que os grupos tomen as súas decisións aínda que estou detrás para corrixir posibles desvíos. Valoro a creatividade.
Poño especial interese en conseguir documentos rematados. Deberán ser expostos e valorados. Avalío segundo unha rúbrica
Consigo pensar na programación doutro xeito !

Proxectos de carácter interdisciplinar desde a biblioteca escolar

Aprendizaxe baseada en proxectos.

ALFIN

AMI

Competencia informacional

Competencias básicas

Alfabetizacións múltiples




**Biblioteca escolar**

# ALFABETIZACIÓN MÚLTIPLE

*É un concepto que engloba tanto as competencias de lectura como de escritura para a comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónicia e abrangue a alfabetización básica, funcional e múltiple.*

Consello de Europa. Novembro 2012

# Na procura dun termo…




- Educación documental
- **ALFIN (*Alfabetización Informacional*)**
- Multialfabetismos
- Educación mediática
- Alfabetización dixital
- AMI (*Alfabetización mediática e informacional*)
- Literacidade
- LecturaTransmedia
- Competencia informacional
- **Competencia dixital**
- CI2 (*Competencia informática e informacional*)
- *Tratamento da información e competencia dixital*
- …

Juana Vázquez. Unha proposta desde a biblioteca escolar para o tratamento do currículo: Proxectos para todo o centro (un exemplo).

# *Un proxecto interdisciplinar: lectura/educación en información*

- Escoller un tema.Remuíño de ideas. Oportunidade informativa/social/efeméride, necesidade informativa do alumnado...



- Aspectos que se poden traballar nos distintos ciclos
- Aspectos relacionados coa lectoescritura (comunicación lingüística)
- Aspectos relacionados con outras áreas curriculares/competencias
- Contidos transversais/educación en valores…
- Recursos audiovisuais e informáticos. Recursos *on line*.
- Guía de lectura. Exposición de materiais dispoñibles.
- Materiais para o profesorado
- Difusión na comunidade educativa: claustro, consello escolar
- Materiais para o alumnado
- **Lectura. Narración de contos. Propostas de escrita**.
- **Proxectos documentais, proxectos de investigación.**
- Recollida de traballos. Publicación. Difusión (boletíns, páxina web e outros).
- Colaboracións externas. Actividades extraescolares
- Participación das familias
- Divulgación: profesorado, comunidade escolar, prensa.
- Presentación do traballo realizado. Presentación á comunidade
- Seguimento e avaliación.

# *Proxectos documentais integrados*




Pequenos traballos de investigación nos que o alumnado, ademais de indagar sobre un tema ou problema concreto, se familiariza cos mecanismos de busca de información e traballo intelectual, empregando para ilo os recursos documentais da biblioteca escolar.

**Rosa Piquín**


BE E TRABALLO X PROXECTOS
CLAVES PARA PROPOÑER PROXECTOS DESDE A BIBLIOTECA ESCOLAR
Unha das claves é a de integrar outros equipos na proposta (Act Extraescolares, Normalización lingüística e, como non? TIC)
QUE HAI DETRÁS?
PARA QUÉ FACEMOS PROXECTOS?
O proposito dos proxectos é que o alumnado APRENDA E DESENVOLVA AS SÚAS COMPETENCIAS CLAVE
O INTERESE FUNDAMENTAL NON É O PRODUTO, SENÓN O PROCESO. E AS APRENDIZAXES QUE SE PROMOVEN.
PASOS PREVIOS (ANTES DO PROXECTO)
PASO 1
ESCOLLE UN TEMA
Este TEMA xeral debe ser inspirador, interesante e debe "dar xogo". Resulta importante que sexa obxecto de consenso. Convén que estea relacionado co entorno do alumnado e decidido con tempo. A finais de curso é un bo momento.
PASO 2
DESENVOLVE ALGÚNS ASPECTOS DESTE TEMA
Debes analizar que aspectos do tema poden ser tratados, a través de pequenos proxectos ou tarefas, e que conexións poden ter coas diferentes áreas e competencias do alumnado. Non cómpre esgotar o TEMA
PASO 3
DESEÑA TAREFAS CONCRETAS (PRODUTOS)
A partir dos aspectos analizados (e a partir das relacións curriculares) deseñarás os produtos finais que darán consistencia ao proxecto. Os criterios de avaliación son moi útiles para decidir.
PASO 4
ESTABLECE PRAZOS CLAROS E DEFINIDOS
Desde o inicio é moi útil saber o tempo que durará o desenvolvemento das tarefas. Resulta útil tamén establecer prazos intermedios, fases.
ATÉ AQUÍ O TRABALLO PREVIO (EQUIPO BE)
A partires da selección dun TEMA xeral e do desenvolvemento dos diferentes aspectos - relacionados co curriculum - que poden servir aos compañeiros e compañeiras para idear e poñer en marcha proxectos, os seguintes pasos corresponderán a cada profesor/a / departamentos / ciclos...
PASO nº 5: A PROCURA DE INFORMACIÓN
RECURSOS NECESARIOS
A BIBLIOTECA ESCOLAR é clave no desenvolvemento do proxecto. Desde o inicio, debemos preparar os RECURSOS necesarios para a investigación documental sobre o tema proposto.
FUNDAMENTAL: A DIVERSIDADE DAS FONTES FONTES ORAIS, ESCRITAS, AUDIOVISUAIS, ON-LINE...
POR DONDE EMPEZAR
DEFINE O PRODUTO FINAL
Un proxecto definese fundamentalmente polo produto final que se pretende conseguir. Necesitas definir ben o resultado para enfocar o proceso
ACONTECEMENTO SORPRENDENTE
Moitos proxectos comenzan cun acontecemento, unha carta, unha saída escolar, a visualización dunha película, unha lectura... que motiva, que invita, que estimula a curiosidade.
ACONTECEMENTO FINAL
Semella útil deseñar - xa nestes primeiros momentos - un final para o/s proxecto/s (un acto social, lúdico, para a presentación do proxecto ás familias...)
AVALIACIÓN DOS PROXECTOS
QUE ASPECTOS DEBO OBSERVAR/COIDAR
ALGÚNS ASPECTOS CLAVE QUE CARACTERIZAN AOS PROXECTOS QUE DAN RESULTADO
PARTICIPACIÓN
Participan todos/algúns profes. Participa todo o alumnado?
Como é a participación? Os alumnos e alumnas son protagonistas? Participan no deseño, na selección dos temas, na procura de información? a valian o proxecto?
APERTURA
Implicamos ás familias? Ten repercusión social?
O proxecto sae da aula? Ten proxección noutros ámbitos? Participan as familias? O alumnado expón os seus coñecementos novos? Saímos do académico?
APRENDIZAXE
Que aprendemos? Que competencias desenvolvemos? Que contidos traballamos? O proxecto atende aos criterios de avaliación das áreas e materias do currículo?
Podemos incorporalo ás programacións das áreas?
DISFRUTE
Resultou satisfactoria a experiencia?
Cal foi o sentir do profesorado? Do alumnado?
Esta metodoloxía de aprendizaxe resulta mellor? Aprendemos?
CRÉDITOS:
Est infografía é a síntese dunha actividade formativa "Biblioteca escolar. Educación documental II. Os Proxectos Documentais" celebrada no CFR de Pontevedra no ano 2014, dentro do Plan anual de formación do profesorado

EXEMPLOS DE MATERIAIS ELABORADOS POR CENTROS *PLAMBE*

# Juana Vázquez: *os bimbios dun PDI*

**CEIP A Sangriña (A Guarda):** Coñece o teu pobo

**CEIP Mestres Goldar (Vigo): PDI A auga**

1. Caderno do alumnado (2º/3º ciclo Primaria)
2. Actividades LIM. Os ríos – 1
3. Actividades LIM. Os ríos - 2

**CEIP Frián-Teis (Vigo):**

- **PDI Un bosque para navegar**
- **A LINGUA SABE A PAN**

CEIP de Leirado (Salvaterra de Miño): A olería tradicional

**CEIP A LAMA (A Lama, Pontevedra): PDI A Auga**

**Outros**




Cómpre programar atendendo aos criterios de valoración, ás competencias que cómpre desenvolver

"Traballar por tarefas" Fernando Trujillo




CEIP de Louro (Muros)
Intervención nos Encontros PLAMBE 12/13 (min. 46)



- *O traballo coa información vai máis aló das "buscas" de información*
- *Cómpre ensinar as distintas fases do proceso, dotar de recursos para realizalos con eficiencia.*



# Traballos de investigación en contexto escolar

Aurora La Cueva (Revista de Educación, nº 323. Ministerio de Educación,2000)

Son traballos de investigación se cumpren estes requisitos:

- Parten dunha pregunta, dunha inquietude, dun reto que os alumnos deciden ou escollen entre unha relación que lles ofrece a escola, (suficientemente ampla).
- Esixen para resolver esta pregunta ou reto dunha indagación, que os estudantes planifican con axuda do educador e que implica varias semanas de labor.
- Esta indagación normalmente abrangue: momentos de documentación e outros de investigación empírica dalgún tipo.
- O traballo fructifica en produtos que se presentan ou comunican a outros.

# Proxectos na biblioteca/ABP



# APRENDIZAXE BASEADA EN PROXECTOS

# ABP *Aprendizaxe baseada en proxectos*

- Modelo de instrucción auténtico no que o alumnado planifica, desenvolve e avalía proxectos que teñen aplicación no mundo real.
- Ten as súas raíces no construtivismo
- Os tres eixos fundamentais: PENSAMENTO CRÍTICO, COMUNICACIÓN, COLABORACIÓN
- A ABP xira arredor do problemas reais.
- O alumnado é o protagonista
- É un traballo colaborativo. Traballo en grupos.
- Debe ser significativo para o alumnado. Debe ter un propósito educativo.
- Un bo proxecto:
  - Propicia a necesidade de saber do alumnado
  - Desenvolve habilidades e competencias do século XXI
  - Fomenta a innovación e a investigación
  - Busca retroalimentación e revisión.
  - Presenta un produto final que se comunica
- Os alumnos desenvolven habilidades e competencias: colaboración, planificación, comunicación, toma de decisións, manexo do tempo.
- Facilita a integración das aprendizaxes na vida real.

# ABP *Aprendizaxe baseada en proxectos*

1. Situación ou problema: unha breve descrición
2. Propósito: explicación concisa dos obxectivos do proxecto.
3. Especificiaciõns para o desenvolvemento: criterios ou estándares de calidade que o proxecto debe cumprir.
4. Regras: guías ou instrucións para desenvolver o proxecto, inclúen previsión de tempo e metas a curto prazo.
5. Relación de participantes no proxecto e roles que se lle asignan.
6. Avaliación: modo no que se vai avaliar o traballo do alumnado (Na ABP avalíase tanto o proceso de aprendizaxe como o produto final)

# Á hora da avaliación

1. Coñecementos (investigación, manexo da información)
2. Habilidades comunicativas
3. Habilidades sociais
4. Habilidades tecnolóxicas
5. Resultado

- Informe escrito
- Presentación oral
- Blogs, vídeos, imaxes, carteis, presentación electrónica…

- Autoavaliación
- Co-avaliación - Retroalimentación
- Avaliación

Compartir, difundir…

- Twitter, Facebook, YouTube, Flickr, Slidshare, Delicious…

Eduteka.org: aprendizaxe por proxectos

## A biblioteca escolar, ¿instrumento necesario?



# A biblioteca escolar, instrumento **imprescindible**



# Documentos de referencia






## Un modelo de biblioteca escolar

*As bibliotecas escolares que se precisan na actualidade son* ***centros de recursos de lectura, información e aprendizaxe: "entornos" educativos*** *específicos integrados na vida da institución escolar. Apoian ao profesorado no exercicio das súas prácticas de ensinanza e* ***facilitan ao alumnado a aprendizaxe dos contidos curriculares****, así como a adquisición de competencias e hábitos de lectura, nunha dinámica aberta á comunidade educativa. Marco de referencia para las bibliotecas escolares*. Ministerio de Educación (2011)

## Ámbitos de actuación



### Biblioteca escolar

- Espazo de convivencia e cidadanía
- Apoio curricular
- Proxectos e plans de lectura
- Programas ALFIN-AMI (para a competencia informacional e mediática)
- Apoio a programas e proxectos de centro
- Extensión cultural
- Compensación de desigualdades
- Difusión de recursos e servizos
- Implicación das familias

## *Tratamento da información e competencia dixital*

- *Esta competencia está asociada coa* ***busca, selección, rexistro e tratamento ou análise da información****, empregando técnicas e estratexias diversas para acceder a ela segundo a fonte á que se acoda e o soporte que se utilice (oral, impreso, audiovisual, dixital ou multimedia).*

- *Require o* ***dominio de linguaxes específicas básicas*** *(textual, numérica, icónica, visual, gráfica e sonora) e das súas pautas de codificación e transferencia, así como* ***aplicar en distintas situacións e contexto o coñecemento dos diferentes tipos de información****, as súas fontes, as súas posibilidades e a súa localización, así como as linguaxes e soportes máis frecuentes nos que esta acostuma expresarse (LOE, 2006, Anexo I)*

## Ámbitos de actuación: Programas para a adquisición da competencia informacional.

*O papel da biblioteca escolar neste ámbito sería o de **dispoñer** os recursos de forma efectiva; **orientar** na súa utilización; **deseñar** xunto co resto do profesorado **programas de formación** na busca, selección e uso das fontes informativas e o traballo documental; **apoiar** propostas de **proxectos interdisciplinares** que favorezan o uso dos recursos informativos e a elaboración de **traballos de investigación documental**, e **axudar** ao profesorado a que desde as súas respectivas materias reforce estas aprendizaxes.*

Marco de referencia para las bibliotecas escolares. Ministerio de Educación (2011)

# Adquisición de fondos



**En función dos proxectos de centro**:

- Proxecto lingüístico do centro
- Proxecto lector de centro
- **Proxectos documentais integrados**
- **Proxecto Interdisciplinar (1º ESO)**
- **Traballos de investigación de aulas/departamentos/áreas…**
- Atención á diversidade
- Alumnado inmigrante
- Programas europeos
- Contratos-programa
- Abalar…..

# A biblioteca apoia proxectos do centro




CRA de Ribadumia

# Asesoría de bibliotecas escolares

http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog



# Sitios web de apoio




http://redelectura.blogspot.com




http://lerenmancomun.blogspot.com




http://librosaeito.blogspot.com




http://www.scoop.it/t/bibliotecas-escolares-de-galicia

*La biblioteca escolar no es una panacea, pero sí una promesa. Aviva una esperanza y esboza una alternativa a las frustraciones actuales.*

Juan Mata



Grazas!

crisnovoa@gmail.com